



# Guía de Acollida TCAEs

**UNIDADE DE CIRURXÍA TORÁCICA E  
CIRURXÍA VASCULAR**

**Planta 4ª C**


**Hospital Álvaro Cunqueiro**







- 1 Organización do Traballo**
- 2 Tarefas comúns a tódolos turnos**
- 3 Tarefas Quenda de Mañá**
- 4 Tarefas Quenda de Tarde**
- 5 Tarefas Quenda de Noite**
- 6 Preparación do cuarto á alta**
- 7 Actividades Programadas**
- 8 Seguridade dos Pacientes**
- 9 Decálogo de Boas Prácticas**



## 1

# Organización do Traballo



Benvida/o á planta 4ª C do Hospital Álvaro Cunqueiro.

O obxectivo desta guía é favorecer a túa integración no traballo habitual da unidade.

- O traballo organízase por asignación e distribución de pacientes ao persoal, co fin de proporcionar atención integral e que o paciente/familia saiba en todo momento quen son os responsables do seu coidado.
- As accións descritas en cada quenda non supoñen a totalidade das desenvolvidas polo persoal de enfermería, posto que existen outras funcións que xurden a demanda, necesarias para manter o bo funcionamento da unidade e dar unha axeitada atención ao paciente e á súa familia.
- Recorda que o persoal está suxeito ao segredo profesional e á lei de protección de datos.
- O acceso á historia clínica do paciente e ao resto das aplicacións corporativas é persoal e intransferible, mediante usuario e contrasinal. Debes solicitar ao/á Supervisor/a da Unidade, a súa xestión para a activación dos accesos necesarios. En ningún caso debes cedelo a outros profesionais.
- Para máis información sobre a unidade podes consultar o Manual de Xestión e Organización Interna na Intranet Corporativa.

*As actividades descritas nesta guía poderán estar suxeitas a modificacións dependendo da situación dos pacientes e a unidade.*



## 2 Tarefas Comúns a Tódolos Turnos



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Coordinarse coa enfermeira para a realización de cuidados ao paciente.
- Identificarse e identificar de xeito seguro aos pacientes ao seu cargo.
- Visitar a todos os pacientes despois do cambio de quenda aproveitando para baleirar coellos, poñer cuñas, etc
- Realizar ingreso de paciente segundo protocolo:
  - Escala de Barthel
  - Pesar/tallar/IMC
  - Proporcionarlle pixama/camisón
  - Funda do termómetro
  - Caixa de panos de papel
  - Toalla de aseo
  - Caixa para a dentadura
- Comprobar a dieta prescrita. Repartir comidas. Asistir na alimentación a aqueles pacientes que o necesiten. Comentar coa enfermeira responsable os aspectos relacionados coa comida.
- Realizar ou axudar a realizar a hixiene oral despois de cada comida.
- Realizar cambios posturais aos pacientes dependentes. Acomodalos sempre que sexa necesario.



## 2 Tarefas Comúns a Tódolos Turnos




- Balance hídrico e control de deposicións, rexistralo.
- Preparación de pacientes para probas, procedementos, cirurxía etc.
- Observar signos e síntomas de deterioro da integridade cutánea e proporcionar coidados da pel.
- Obter mostras identificándoas correctamente.
- Aplicar o protocolo de prevención de caídas.
- Revisar e cambiar cueiros os pacientes que o precisen.
- Comunicar a enfermeira posibles incidencias como dor, sangrado, reaccións cutáneas, dificultade respiratoria, febre...
- Facer camas segundo protocolo.
- Pesar/tallar/IMC ao alta de todos os pacientes.
- Recoller e preparar o cuarto para novos ingresos
- Atender Timbres.

## 2 Tarefas Comúns a Tódolos Turnos



- Retirar a roupa sucia utilizada polo paciente das habitacións, colocala na bolsa de roupa e depositala na gaiola disposta no punto de recollida correspondente.
- Cumprimentar os rexistros correspondentes na historia de enfermaría: confirmación de accións e comentarios evolutivos.
- Obter Recoller e ordenar o cuarto limpo, de procedementos e o cuarto sucio.
- Recoller, limpar e repoñer en caso necesario as áreas de traballo.
- Dar cambio de Quenda





# 3

## Quenda de Mañá



- Tomar temperaturas e rexistralas no aplicativo correspondente.
- Preparar os pacientes para probas e quirófanos de 2ª hora
- Repartir almorzos e comidas (TCAE que leve os primeiros pacientes) e axudar a pacientes que non poidan por si mesmos.
- Obter mostras identificándoas correctamente
- Realizar aseo completo do paciente encamado e arranxo da cama
- Axuda parcial na ducha a pacientes que o precisen.
- Unha vez terminado o aseo e antes de abandonar a habitación, asegurarse de que todo queda ordenado e repostado: toallas, mesillas recollidas, caudalímetros, aspirador, etc.
- Levantar e deitar os pacientes que o teñan indicado.
- Administrar enemas.
- Preparar e rexistrar o material para esterilización (14 horas).

# 3

## Quenda de Mañá II



### 4º TCAE ( quenda 9)

- Toma temperaturas e rexístraas en Gacela
- Reparte almuerzo e xantar e axuda os pacientes que o necesiten.
- Realiza diurese dos pacientes que o teñan pautado e rexístraas en Gacela.
- Prepara material de curas para envío a esterilización.

#### - Os Luns:

- \* Limpeza de tensiómetros e carros de curas
- \* Revisión de baños (xabón, crema, colonia) e rexistro de peticións de mantemento
- \* Revisión de desinfectantes de mans
- \* Reposición carro de lencería do corredor

#### - Os Martes:

- \* Limpeza carros Medicación
- \* Revisión tomas osixeno e aspiración e rexistro de peticións de mantemento
- \* Repoñer carro lencería do corredor
- \* Ultimo martes de mes revisión do Stock de medicación.



# 4

## Quenda de Tarde



- Tomar temperaturas e rexistralas no aplicativo correspondente.
- Anotar deposicións.
- Levantar os pacientes que o teñan indicado
- Repartir merendas e ceas (TCAE que leve os primeiros pacientes) e axudar a pacientes que non poidan por si mesmos.
- Nos pacientes programados para quirófano do día seguinte seguir o protocolo cirúrxico establecido (rasurado de mulleres que non sexan de cirurxía vascular, as de cirurxía vascular son rasuradas pola perruqueira, administración de enemas pautados).
- Preparar os pacientes que van a quirófano
- Comprobar o subministro de suplementos dietéticos en pacientes diabéticos por parte do servizo de cociña.

## 5

# Quenda de Noite



- Colocar carteis de xaxúns. Ver libro de probas para saber os xexúns do día seguinte, informar o paciente de que non pode inxerir sólidos nin líquidos a partir das 24 horas
- Informar os pacientes que van a quirófano o día seguinte que non poden levar ningún tipo de pertenza con eles.
- Tomar temperaturas pautadas e rexistralas
- Repartir suplementos.
- Recoller as bandexas da cea que quedaran nas habitacións.
- Preparación dos pacientes programados para cirurxía a primeira hora da mañá.





## 6

## Preparación do cuarto á alta

<p><b>Desmontar cuarto á alta</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoller toda a roupa de cama e cadeira de brazos (incluídas mantas)</li> <li>• Revisar mesiña de noite e desbotar todo, comprobando os caixóns</li> <li>• Retirar aquapack, gafas nasais, máscaras etc.</li> <li>• Revisar baño (cuñas, roupa, xeles, colonia, crema...)</li> <li>• Revisar armarios</li> </ul>
<p><b>Montar cuarto á alta</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vestir cama</li> <li>• Deixar toalla en mesiña, almofada con plástico se fose necesario.</li> <li>• Montar aspirador (deixar gomas sen abrir)</li> <li>• Deixar aquapack na mesiña (sen abrir)</li> <li>• Comprobar xeles, colonia, crema...</li> <li>• Deixar bolsa azul no baño</li> </ul>



# 7

## Actividades Programadas



- Carro de RCP: revisar na quenda de noite todos os sábados e cada vez que se utilice.
- Farmacia da Unidade: revisar o último martes de cada mes pola TCAE turno 9.
- Tarefas diarias:

<b>TCAE 1º corredor</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuarto de medicación</li> </ul>
<b>TCAE 2º corredor</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sala de equipos</li> <li>• Limpeza de aparato</li> </ul>
<b>TCAE 3º corredor</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cuarto sucio</li> <li>• Esterilización</li> </ul>
<b>TCAE 4º corredor</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sala de procedimientos</li> <li>• Carros curas e medicación</li> </ul>

- Limpezas xerais:

<b>Semanal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión e limpeza do carro de RCP o sábado á noite coa enfermeira</li> </ul>
<b>Quincenal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Neveiras 1º e 3º venres, quenda de noite coa enfermeira</li> </ul>
<b>Mensual</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caixas de medicación e carro de medicación 1º venres de mes na quenda de mañá</li> </ul>

# 8

## Seguridade do Paciente



- Comproba a correcta identificación do paciente e a colocación da pulseira identificadora.
- Realiza a Hixiene de mans nos 5 momentos.
- Verifica os 5 correctos na administración da medicación.
- Preserva a integridade cutánea do paciente.
- Evita as caídas aplicando as medidas preventivas necesarias.
- Rexistra sempre os coidados realizados.

# 9

## Decálogo de Boas Prácticas



### 01

#### **PRESENTATE**

Presentate co teu nome e categoría profesional e leva visible a tarxeta identificativa.

### 04

#### **PRACTICA A EMPATÍA**

Respecta as crenzas, valores e preferencias de pacientes e profesionais.

### 07

#### **FAI EQUIPO**

Fomenta a participación e o traballo en equipo e manexa os recursos responsablemente.

### 10

#### **COIDA CON SEGURIDADE**

### 02

#### **COIDA O TEU ASPECTO**

Mantén unha uniformidade correcta. Non leves xoias nin uñas pintadas e recolle o cabelo.

### 05

#### **FOMENTA O DESCANSO**

Planifica o tratamento e cuidados para favorecer o sono. Minimiza o ruído e a luz.

### 08

#### **RESPECTA A INTIMIDADE**

Garante a privacidade e confidencialidade, respecta a intimidade do/a paciente e a súa autonomía.

### 03

#### **INFORMA E ESCOITA**

Adapta a linguaxe e comproba que te entenden. Practica a escoita activa.

### 06

#### **COIDA A COMUNICACIÓN NON VERBAL**

Coida o ambiente e a comunicación non verbal. Non utilices o móbil durante a práctica asistencial.

### 09

#### **GARANTE A CONTINUIDADE ASISTENCIAL**

Asegura a continuidade asistencial a través dos informes de alta e os rexistros na H<sup>a</sup> clínica. Recorda que é un dereito do/a paciente.

Ten presente a seguridade do/a paciente nas túas intervencións e cuidados e mantén actualizados os teus coñecementos.